



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería
de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer, nº 2
15008 A CORUÑA



ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON DIVERSIDADE
FUNCIONAL DE TEO (ASPAMITE)
TRAVESIA DAS GALANAS, 71 - CALO
15886 TEO

Código: A12X01941

Asunto: Resolución de inscripción de Xunta Directiva.

Con data 01/07/2020 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada polo representante da **ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE TEO (ASPAMITE)**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 1995/003911-1ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 28/02/2020, na que consta a identidade dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

PRESIDENTE	ANGEL JAVIER MORON PEREZ
VICEPRESIDENTE	ALFONSO BLANCO LEBORAN
SECRETARIO	JOSE MARIA CANDIDO SEGADE PAIS
VICRESECRETARIO/A	ROBERTO VÁZQUEZ CHAN
TESOUREIRA	MARIA DOLORES REY TOJO
VOGAIS	LOURDES NEIRA PEREZ, GUMERSINDO IGLESIAS RODRIGUEZ, JAIME PENA PANAMA, MARIA CARMEN VARELA PAZOS, ROSA MOURIÑO IGLESIAS

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. A xefa Territorial da Coruña é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 74/2018 do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, **RESOLVO:**

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE TEO (ASPAMITE) de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes.

A Coruña, 9 de xullo de 2020

A xefa Territorial

María Barreiro Lázare

